

ACORDO POLO QUE SE FAI PUBLICA A RELACIÓN DE ORGANIZACIÓNS CANDIDATAS SELECCIONADAS A GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO. FEMP 2014-2020.

O 16 de abril de 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015) pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector Pesqueiro (GALP) para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.

O 14 de xuño de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 10 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convoca un novo proceso de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro no ámbito territorial dos concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.

O 15 de setembro, consonte o establecido no artigo 14 da Orde de 6 de abril de 2015 (DOG núm 71 do 16 de abril de 2015), elevouse a través do órgano instrutor, a proposta de resolución da asociación candidata seleccionada, de conformidade coa decisión do Comité de Selección.

Mediante resolución da Consellería do Medio Rural e do Mar de 16 de setembro de 2016 seleccionouse como organización candidata a GALP a denominada "Asociación Grupo de acción local do sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur".

Visto o exposto, esta dirección xeral ACORDA

Facer público o resultado da selección da organización candidata a GALP conforme ao seguinte:

ORGANIZACIÓN CANDIDATA	GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO "GOLFO ARTABRO SUR"
NIF	G70184494
ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN (MUNICIPIOS)	Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña, Arteixo
CRITERIOS REFERIDOS AO TERRITORIO (100)	38,49
CRITERIOS REFERIDOS Á ORGANIZACIÓN CANDIDATA (100)	84,94
CRITERIOS REFERIDOS AO PROXECTO (50)	48
PUNTUACIÓN TOTAL (250)	171,43
FINANCIACIÓN INDICATIVA PREVISTA EDLP (€)	22.000€

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2016

Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Susana Rodríguez Carballo

